



Max Brooks, en Umbriel Editores

LIBROS Umbriel publica la obra de Max Brooks *Los guerreros del infierno de Harlem*, con ilustraciones de Caanan White. **ECC**

La ONCE dedica su cupón a la tarta de Mondoñedo

28 DE DICIEMBRE La ONCE distribuirá 5,5 millones de cupones para el sorteo del 28 de diciembre con la tarta de Mondoñedo como imagen elegida para la ilustración de los boletos, dentro de una serie que la organización dedica a los dulces tradicionales de Navidad. El cupón de la tarta de Mondoñedo fue presentado ayer en la casa consistorial de esa lo-

calidad lucense, en el transcurso de un acto en el que participaron el delegado territorial de la ONCE en Galicia, Manuel Martínez Pan, y la propia alcaldesa mindoniense, Elena Candia, además de representantes de las tres confiterías más representativas de la ciudad en la elaboración de este dulce artesanal: La Alianza, O Rei das Tartas y Val de Brea. **EFE**



Guillermo, Martínez Pan, Elena Candia, Magín, Carlos y Doval Sánchez. Foto: Eliseo Trigo/Efe

O Cervantes alberga o colofón das homenaxes a Carlos Casares

O acto conmemorativo das Letras 2017 foi clausurado pola presidenta do Congreso// Román Rodríguez destaca “o traballo e a honradez do escritor”

VICTORIA ROJAS
Madrid

A sede do Instituto Cervantes acolleu onte pola tarde unha das últimas celebracións conmemorativas a Carlos Casares Mourinho, o autor ao que a Real Academia Galega (RAG) lle dedica este ano o Día das Letras 2017.

A Xunta, en colaboración coa Fundación Carlos Casares, organizaron este colofón académico que foi presidido pola presidenta do Congreso dos Deputados, Ana Pastor Julián, e contou con representación institucional da Consellería de Cultura, da Real Academia Española, o Consello da Cultura Galega e a propia RAG.

Na súa intervención, Román Rodríguez fixo fincapé no “traballo, a intelixencia e a honradez de Casares” como fundamento para crear unha obra transcendente e de fonda pegada galeguista. Desde o cosmopolitismo, a súa vocación humanística e dialogante, Casares foi un “cicerone internacional da cultura galega” nos foros literarios máis prestixiosos.

O responsable de Cultura rematou o seu discurso agradecendo ao Instituto Cervantes a participación neste tributo ao autor ourensán.

“A Xunta estivo –explicou Rodríguez–, está e estará sempre ao lado da Real Academia Galega na cele-



Ana Pastor e Román Rodríguez, centro, flanqueados por, entre outros, Darío Villanueva, Lete, Villares e Ónega

UN REFERENTE

●●●Membro numerario da RAG ata o seu pasamento en 2002, Casares foi un dos autores de referencia da narrativa galega do século XX, cun compromiso con gran público lector, tanto a través das súas obras como das colaboracións na prensa.

●●●Esta faceta de escritor compaxinoua primeiro co seu labor como ensinante e despois cunha dimensión pública como xestor e dinamizador de proxectos de gran relevancia para a cultura galega, como a editorial Galaxia, da que foi director, o Consello da Cultura Galega, ou o Centro PEN Galicia, ademais da propia RAG. Tamén xogou un papel importante na difusión exterior da nosa literatura.

bración do Día das Letras, pero é un gusto constatar que outras institucións do prestixio e influencia do Instituto Cervantes se sumen de un xeito tan decidido e xeneroso a esta conmemoración”.

Así mesmo, o conselleiro lembrou que “o Goberno galego mantén con esta institución estatal unha estreita colaboración, non só para a celebración deste acto, senón na promoción e a difusión da lingua e cultura galega no exterior”.

O acto, presidido pola titular do Congreso dos De-

putados, contou ademais da participación do conselleiro, do director do Instituto Cervantes, Juan Manuel Bonet; do director da Real Academia Española, Darío Villanueva; do presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares; do secretario da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, e do administrador da Fundación Carlos Casares e fillo deste, Hakan Casares.

A homenaxe incluíu unha actuación musical dos artistas Rosa Cedrón e Emilio Rúa.

Un estudo galego avalía o impacto da cova de Altamira

Santiago. Un estudo realizado por científicos sociais do Grupo de Estudos Territoriais, da Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña e Incipit-CSIC avalía o impacto social e económico do Conxunto de Altamira como Sitio Patrimonio da Humanidade Unesco en Cantabria.

As conclusións desta investigación aportan información relevante para decidir se a conservación das pinturas de Altamira é compatible cun plan de xestión turística e un réxime de visitas limitada.

Os resultados da investigación revelan que unha posible reapertura da cova de Altamira non tería un impacto económico significativo na rexión de Cantabria. Só un aumento substancial no número de visitantes permitido á cova orixinal tería un impacto relevante, pero isto ameazaría a sustentabilidade física da mesma.

A investigación levouse a cabo no marco do proxecto Programa de Investigación para a Conservación Preventiva e Réxime de Acceso á Cova de Altamira durante o período 2012-2014, impulsado pola Secretaría de Estado de Cultura do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD), co obxectivo de determinar o impacto da presenza humana sobre a conservación das pinturas de Altamira, coa fin de decidir se é compatible a súa adecuada conservación cun réxime de visitas á cova e elaborar un plan de conservación preventiva. Participaron neste proxecto 48 especialistas de diversas institucións. **ECC**